

## NOTA DE PRENSA

# **Tunos veteranos de España, Portugal, Holanda e México realizarán mañá venres unha ofrenda floral a Rosalía de Castro na Alameda de Santiago**

**Tamén farán unha ofrenda ao Apóstolo Santiago como “continuadores dunha tradición secular” e actuarán polas rúas e prazas do casco histórico compostelán**

**Estes actos enmárcanse nos “II Encuentros Toianos”, que conmemoran o centenario da primeira edición da novela *La Casa de la Troya* de Pérez Lugín**

---

*Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2015 (Vía Láctea Comunicación).*- Con motivo do centenario da primeira edición da novela *La casa de la Troya* de Alejandro Pérez Lugín (1915), a Asociación de Antiguos Tunos Composteláns, entidade que xestiona o Museo Casa da Troia, celebra mañá venres e o sábado os “II Encuentros Troianos en Compostela”. No marco desta cita terá lugar o Festival do Centenario no Auditorio Abanca de Santiago.

O encontro vai reunir a máis de 250 persoas integrantes de agrupacións de pulso e púa de tunas veteranas procedentes de diferentes puntos de España, Portugal, Holanda e México. De Portugal estarán a Quarentuna de Coimbra e a Tuna Veterana da Universidade Portucalense. Tamén participará Tuna España, conformada por tunos veteranos de diversas universidades españolas. De México chegará a Estudiantina de los Decanos de la Universidad de Querétaro. Completan o programa a Tuna Ciudad de Luz de Holanda e o Grupo de pulso e púa da Asociación de Antigos Tunos Composteláns-Casa da Troia, que se presentará por primeira vez, baixo a dirección do mestre Fernando Reyes.

### **O espírito universitario**

Os actos comezarán mañá venres, ás 12:30 horas, cunha ofrenda floral a Rosalía de Castro no monumento que homenaxea á ilustre poetisa galega na Alameda de Santiago. Pola tarde, ás 18:00 horas, a Asociación de Antigos Tunos Composteláns recibirá aos directores das agrupacións participantes no Museo Casa da Troia.

Ás 19:30 horas realizarase unha ofrenda ao Apóstolo na Misa do Peregrino da Catedral compostelá. A invocación faraa **Benigno Amor**, presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, quen se dirixirá ao Apóstolo “como antigos tunos, irmandados polo Mester de Tonería, sabémonos portadores dunha herdanza e continuadores dunha tradición secular. Somos unha confraría de amizade, de música e de bonhomía. Conservamos a inquietude e a alegría dos nosos anos de xuventude porque mantemos vivo o espírito universitario, tal como me transmitiu meu pai”, o mecenas Benigno Amor Rodríguez, quen lle dedicou boa parte da súa vida a converter a Casa da Troia nun museo, mantendo vivo o espírito troiano.

A partir das 20:30 horas os grupos sairán da praza de Praterías, onde iniciarán un pasarrúas polo casco histórico que os levará pola rúa do Vilar, praza do Toural, rúa Nova, rúa de Xelmírez, rúa de Fonseca e praza do Obradoiro. A xornada do venres rematará cunha cea para as agrupacións participantes no Hostal dos Reis Católicos.

## O sábado, “Festival do Centenario” no Auditorio Abanca

O sábado continuarán as actividades programadas no marco deste encontro, cuxo acto central será o “Festival do Centenario”, que comezará ás 18:30 horas no Auditorio Abanca. As entradas poden adquirirse a 5 euros para butaca e a 3 euros para o anfiteatro en diversos establecementos da cidade: Librería Toural, Amboa, café Zum Zum, Librería Couceiro e no Casino.

Este proxecto está patrocinado polo Concello de Santiago, a Consellería de Cultura, a Deputación da Coruña e a Fundación Abanca. E conta coa colaboración da Universidade de Santiago e a Asociación Hostelería Compostela. O Museo Casa da Troia, que permanece pechado durante os meses de inverno, abrirá especialmente para a ocasión dende o xoves 5 ata o domingo 8 de novembro. O xoves abrirá de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00; o venres de 11:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00; o sábado de 12:00 a 15:00; e o domingo de 11:00 a 13:00 e de 16:00 a 19:00 horas.

## Cen anos da novela

Tal como lembra **Benigno Amor**, presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, hai cen anos que se publicaba en Madrid a primeira edición da novela *La Casa de la Troya*, de Alejandro Pérez Lugín, cuxa portada era un debuxo orixinal de Castelao. Tiña 360 páxinas e tiráronse 1.600 exemplares. O seu éxito foi tal que fixeron tres edicións máis aquel ano de 1915. Ao ano seguinte o texto acadou o Premio Fastenrath da Real Academia Española. Xa en 1940 a desaparecida librería Galí, situada na compostelá rúa do Vilar, comezou a facer sucesivas edicións. Hoxe as edicións superan o cento, algunhas de 25.000 exemplares, e sen contar as realizadas en Hispanoamérica.

A esta aceptación popular contribuíron as cinco versións cinematográficas que se fixeron, a primeira delas rodada polo propio Pérez Lugín en 1924, pero tamén a habilidade do autor “pintando o contraste entre a tristeza da aparencia e a ledicia da alma de Compostela”, tal como escribiu o narrador.

“Os que integramos a Asociación de Antigos Tunos Composteláns coidamos que o mellor xeito de conmemorar esta efeméride é mantendo viva a memoria de Pérez Lugín no Museo Casa da Troia e tamén a través destes II Encontros Troianos en Compostela” -salienta **Amor**-.

PRENSA\_ 981 554 407 \_ 639 768 929 ..... [www.vialactea.es](http://www.vialactea.es)

[www.lacasadelatroya.org](http://www.lacasadelatroya.org)